

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:
Sobre Intriga, de Antonio Román

Autor/es:
Coira, Pepe

Citar como:
Coira, P. (1994). Sobre Intriga, de Antonio Román. Vértigo. Revista de cine.
(10):40-45.

Documento descargado de:
<http://hdl.handle.net/10251/43007>

Copyright: Todos los derechos reservados.
Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:
Sobre Intriga, de Antonio Román

Autor/es:
Coira, Pepe

Citar como:
Coira, P. (1994). Sobre Intriga, de Antonio Román. Vértigo. Revista de cine.
(10):40-45.

Documento descargado de:
<http://hdl.handle.net/10251/43007>

Copyright: Todos los derechos reservados.
Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



«UNHA FUNCIÓN É BONITA
CANDO TEN UN CABALO»

INTRIGA

SOBRE

DE ANTONIO ROMÁN

PEPE COIRA

No verán de 1942, Antonio Román estaba en disposición de facer o que quería. Gañara esa situación con dúas longametraxes, as primeiras da súa carreira, feitas a maior gloria do goberno franquista. ESCUADRILLA e BODA EN EL INFIERNO, ambas merecedoras de premios oficiais e acendidos eloxios, situaron a Antonio Román, e á productora e distribuidora da que era director exclusivo, Hércules Films, nunha posición envexable. No momento de decidir por onde continuar, Román lembrou unha vella conversa co seu colega Rafael Gil.

Antonio Román na época en que fixo INTRIGA



El e Gil eran amigos xa no Madrid republicano. Compartían as mesmas aspiracións de chegar a realizar longametraxes, e coincidían en pensar que as novelas de Wenceslao Fernández Flórez eran especialmente adaptables ó cine.

“Ya antes de la guerra, Rafael Gil y yo pensábamos en Fernández Flórez como posible guionista de nuestras películas. Una vez Rafael me dijo: ‘Cuando haga cine largo, voy a hacer HUELLA DE LUZ y EL HOMBRE QUE SE QUISO MATAR; y también quiero hacer

UNOS PASOS DE MUJER’. Yo le dije: ‘UNOS PASOS DE MUJER también la quiero hacer yo. Vamos a ver quién llega a hacerla antes. Pero las otras te las dejo. Ahora bien, yo haré UN CADAVER EN EL COMEDOR —que es como se llamaba INTRI-

GA— y LA CASA DE LA LLUVIA’. Hicimos ese pacto. Cuando terminó la guerra, Rafael todavía no estaba en disposición de hacer UNOS PASOS DE MUJER; la hizo Ardavín, creo, pero fue ayudante Rafael Gil. O sea, esa se nos perdió para los dos, y además no salió demasiado bien. Pero, inmediatamente, Rafael debutó con EL HOMBRE QUE SE QUISO MATAR. Yo no pude empezar con INTRIGA, porque, si empiezo a enseñarla en aquel momento, no me la hubiera querido producir nadie. Después, con mi pasaporte de dos éxitos y dos premios, cuando dije: ‘Ahora la que quiero hacer es esta’, en Hércules Films dijeron: ‘Acaso tengas razón’. Y me la dejaron hacer. Luego resultó que no tenía razón, porque, aunque ganó un premio del Sindicato Nacional del Espectáculo, económica-

mente no funcionó. A pesar de todo, insistí y dije: ‘Ahora quiero hacer LA CASA DE LA LLUVIA’. También tuvo un premio, pero tampoco fue un éxito comercial”.

É dicir, neste artigo imos falar da metade dun fracaso, de INTRIGA, unha película que Méndez Leite sénior clasificou como “cinecomedia policíaca”; un filme que provocou serios altercados nun cine en Cádiz, onde o público, indignado, tentou queimar as butacas; unha produción que Buñuel considerou como a mellor película española das

INTRIGA foi tal fracaso comercial que virou a prometedora carreira deste apaixonado director de cine, conducíndoo a propostas menos radicais


que levaba visto; a metade dun dobre intento que Román fixo por dar o mellor de si mesmo como cineasta, saldado nun fracaso comercial que virou a prometedora carreira deste apaixonado director de cine, conducíndoo a propostas menos ra-

dicais (INTRIGA é unha comedia radical; LA CASA DE LA LLUVIA é un melodrama radical).

Abandonou Hércules Films, onde lle propúñan enmendarse realizando a que había ser a primeira película de Lola Flores, e conseguiu sacar adiante unha irregular filmografía, chea de altibaixos, alternando producións mediocres con cine de talento, onde se chegaba ver de novo ó inquieto cineasta de INTRIGA.

O argumento

A película comeza cunha breve escena-prólogo no patio de butacas dun cine. Estase proxectando unha película policíaca. Dous espectadores (que logo resultarán ser a parella protagonista) fan comentarios sobre o xénero: “Son de una infantilidad insoporta-



(1) As declaracións de Antonio Román foron extraídas dunha conversa inédita co autor do presente artigo.

Blanca de Silos e Julio Peña en INTRIGA (1943).

ble”, di el. Logo iníciase unha historia que, máis ou menos, pode resumirse así:

Na casa dos Maldonado aparece o cadáver dun home gordo. Felipe, un policía que preferiría ser actor, e Roberto, un actor que preferiría ser policía, ocúpense de investigar o crime, no que parecen implicados o mordomo e Elena, a fermosa filla dos Maldonado. O mordomo é asasinado no decurso da investigación, e Elena é secuestrada por espías estranxeiros. O actor-detective, namorado de Elena, parece se-lo único en comprender unha trama negra que se vai complicando máis e máis ata acadar un clímax delirante, que congrega a un club de homes gordos, cadáveres tras cada porta e personaxes perplexos. No momento de revelar quen é o culpable de tan complicados sucesos,

Roberto sinala co dedo fóra de campo e unha panorámica amósanos ó equipo técnico da película e ó seu director, que opta por interrompe-la rodaxe ante a rebeldía do seu protagonista. Aproveitando a parada, Elena e Roberto deciden casar e ir vivir ó campo.

Serve de ben pouco contar o argumento dunha película que non cre en si mesma. INTRIGA reproduce sistematicamente lugares comúns do xénero policíaco, procurando revelar a súa artificiosidade, nuns casos, usándoo a maior gloria do humor do absurdo, noutros.

Os antecedentes

Un trato tan pouco agarimoso ó xénero policíaco xa se vía vir no labor de crítico cinematográfico que Román desempeñou du-

rante a Guerra Civil na revista *Radiocinema*. Tres exemplos, referidos a outros tantos filmes, abondarán: “Una película policíaca con todos los agravantes del género: pistoleros, muertes, robos de joyas, etc.” (sobre *JOYAS FUNESTAS*, de Allan Dwan); “Las cualidades que hacen más agradable la visión de *¿QUIÉN LA RAPTO?* es el tono zumbón con que su policíaco asunto está tratado. (...) El habitual público del Cine Figaro -público que nos imaginamos voraz lector de Edgar Wallace y de Hugo Conway- sale muy complacido de la proyección de *¿QUIÉN LA RAPTO?*, en donde hasta hay un asesinato y todo”; “De trama corriente en esta clase de obras, *Orquídeas rojas* entretiene, no obstante su desarrollo sea, a veces, un poco confuso; defecto también corriente en el género a que pertenece”.

Outro ton ben distinto empregaba Román naquelas datas para falar de Flaherty, John Ford, Vidor, Murnau ou o cine abstracto con base musical. É obvio que, no mellor dos casos, os asuntos policíacos no cine eran para el pecados de xuventude (ó xénero pertencía a súa primeira película, *SANDRA*, rodada en Ourense, en 1931, en 16 mm.) ou, simplemente, unha frivolidade.

Algo moi semellante estaría a pensar Wenceslao Fernández Flórez cando en 1936 publicou *UN CADAVER EN EL COMEDOR*, novela curta editada na colección *LA NOVELA DE UNA HORA* e que nas Obras Completas do escritor aparece, significativamente, no apartado “Fuegos artificiales”.

INTRIGA reproduce sistematicamente lugares comúns do xénero policíaco: artificiosidade e humor do absurdo



Guadalupe M. Sampedro e José Portes en INTRIGA.

Os escritores: Fernández Flórez...

Un cadáver en el comedor non está entre os textos máis coñecidos do escritor; é, de feito, unha novela menor, pero a razón do interese de Román por ela é obvio: a novela conta unha trama policíaca na que o detective acaba por descubrir que o culpable é o autor da novela; o detective rebélase contra do autor polo abuso que fai dos tópicos, pola escasa verosimilitude da trama e basea a súa indisciplinada actitude como personaxe en precedentes de Unamuno e Pirandello; descuberto o autor, os personaxes quedan detidos —“como las imágenes de una película cuando se detiene un rollo”— e desaparecen.

Fernández Flórez non interveu na escritura do guión de INTRIGA, que presenta un par de cambios substanciais que logo comentaremos. Sen embargo, e malia o fracaso da película, o escritor debeuse de sentir razoablemente satisfeito. Defendeu a Román publicamente das ferozes críticas recibidas, integrándoo no grupo dos novos directores que daquela estaban chamados a elevar a calidade do cine español. “Ya comienza a haber directores inteligentes. Pocos. Son jóvenes, entusiastas y se perfeccionarán con su propia labor y con el estudio”, manifestou nunha entrevista, na que tamén dicía de Román e Rafael Gil: “ambos tienen talento y finura espiritual.”

Ese xeito de pensar explica que, inmediatamente despois de montar INTRIGA, Román se puxese a traballar con Fernández Flórez nos diálogos de *La casa de la lluvia* e que, acto seguido, o escritor redactase un argumento orixinal para Román, *Bolsa negra*, que non se chegou realizar pola xa mencio-

nada ruptura de Román con Hércules Films.

... e Miguel Mihura

Un dos aspectos máis salientables de INTRIGA é que nela participan dous dos mestres do humor español, coetáneos pero ben distintos entre si. Son Wenceslao Fernández Flórez e Miguel Mihura. A película debe tanto, cando menos, a Mihura como a Fernández Flórez. Nos créditos da película Miguel Mihura figura como dialoguista. Xa fixera ese traballo para Román —do que era amigo

e compañeiro de tertulia— no seu filme anterior, *BODA EN EL INFIERNO*. Pero é aquí onde podemos recoñecer mellor ó xenial humorista e dramaturgo, que tivo un activo papel no cine español daqueles anos.

Diciamos antes que a absurda trama de INTRIGA serve nuns casos para poñer de relevo a artificiosidade do xénero e noutros como contexto a secuencias de humor absurdo. Pois ben cabería atribuír a Fernández Flórez a primeira “utilidade” e a Mihura a segunda. O traballo de Miguel Mihura nos diálogos de INTRIGA impregna á película ata se converter por momentos na súa substancia, especialmente co personaxe da Sra. Maldonado, brillantemente interpretado por Guadalupe Muñoz Sampedro.

Vexamos un exemplo do traballo de Mihura respecto ó texto orixinal de Fernández Flórez. Corresponde ó inicio do filme, cando o Sr. Maldonado regresa a casa e ten unha breve conversa coa súa muller, que xa está deitada na cama. Ela preguntalle polo tempo.

Na novela o diálogo é o seguinte:

—¿Hace frío?

—Regular.”

Malia o fracaso da película, Fernández Flórez sentiuse razoablemente satisfeito dela



Julio Peña e Manuel Morán en INTRIGA.

Manuel Morán e Julio Peña en INTRIGA.



Na película, Mihura fai falar así ó matrimonio:

—¿Llueve?

—¡Bah!...

—¿Hace frío?

—No.

—¿Hace calor?

—Tampoco; no.

—¿Qué hace entonces, caramba?

—No me he fijado; he venido deprisa.

—Siempre te pasa igual. No te fijas en nada. Pareces tonto.

—Pero, ¿qué más te da que haga frío o calor? Tú estás en la cama...

—¿Dónde querías que estuviese? ¿En el suelo?

—No, mujer... Pero quiero decir..."

O exemplo é significativo do estilo que Mihura imprimiu en INTRIGA. Un estilo que, en opinión de Antonio Román, convida ó concepto da película que quería facer. "Le dejé total libertad para que hiciese el diálogo a su gusto. INTRIGA es eutrapélica, como la propia novela; es una película en la que hay que aceptar una serie de supuestos para que funcione. Entre otras cosas, el humor de Mihura es también eutrapélico; es un humor para el que hay que estar preparado, para el que hay que tener dispuesto un estado de espíritu; y, desde luego, es un humor para un público inteligente. O sea, la novela y Mihura se combinaban perfectamente".

Por certo que boa parte do público e da crítica non estaban preparados, non tiñan disposto un estado de espírito ou non eran intelixentes. Choveron os ataques contra o filme e moi particularmente contra os seus diálogos.

Nunha secuencia a Sra. Maldonado contesta ó teléfono. Quen chama pregunta pola carbonería. Ela contesta, indignada:

—“¡Diga! ¿Qué? ¡Oh, no, por Dios! ¿No está usted viendo que no soy la carbonería? ¡Estúpida! —o teléfono e se dirixe ó seu home—. Preguntaba si yo era la carbonería. ¿Es que tengo cara de ser la carbonería?

—No, hija, en absoluto.

—Dímelo con franqueza, Andrés.”

Este foi o exemplo esgrimido para rexeitar

INTRIGA, acusándoa de buscar a gargallada do público por medios ilexítimos, non conformes ó ton que a película debía ter. Miguel Mihura defendeuse na revista *Primer plano*, argumentando que este

tipo de humor —“en donde la gracia se presenta al público resuelta por completo”— era tan válido como aqueloutro máis sutil, tendo en conta que se axeitaba ó personaxe da Sra. Maldonado, “histérica, desequilibrada y extravagante”.

Que a película necesitaba de defensas confirmo unha páxina enteira da mesma revista, na que Pedro Carballo dá “Equis razones por las que INTRIGA es una gran película española”. Louva o seu carácter subversivo e pirandelliano, novidoso e falto de concesións.

Unha película singular

Non era frecuente que unha película española xerara un debate deste estilo. INTRIGA, cando menos, merecía ese resultado, sempre mellor cá indiferencia. A oferta de Román era arriscada. O fracaso na súa aposta debeuse máis ós elementos que a definían có seu talento para levalos á práctica.

Choveron os ataques contra o filme e moi particularmente contra os seus diálogos, escritos por Miguel Mihura.

INTRIGA

Director

Antonio Román

Producción

Tomás Botas, 1943

Argumento

Novela *Un cadáver en el comedor* de Wenceslao Fernández Flórez

Guión

Antonio Román y Pedro de Juan

Diálogos

Miguel Mihura

Fotografía

Michel Kelber

Música

Salvador Ruíz de Luna

Montaje

Juan Doria

Intérpretes

Julio Peña (Roberto Tellez), Blanca de Silos (Elena Maldonado), Manuel Morán (Felipe Ferrer), Guadalupe M. Sampedro (Herminia), Ramón Elías (Gabriel), Miguel S. del Castillo (Diplomático), José Portes (Andrés Maldonado)



El e Pedro de Juan, co-guionista e xefe de produción, fixeron unha atinada lectura da novela de Fernández Flórez, respectando a idea nai e desviándose notablemente nos acontecementos que a desenvolven, adaptando a metalinguaxe literaria do novelista á metalinguaxe cinematográfica, servíndose - como dixemos - dunha segunda corrente humorística que neses anos fluía forte pola prensa e o teatro españois (por certo, ¿o prólogo de INTRIGA non lles lembra a Jardiel Poncela e *Eloísa está debajo de un almendro*?).

De *Un cadáver en el comedor* Román eliminou as numerosas, e malévolas, referencias á República (probablemente porque en 1942 o cine español non quería mentar, nin sequera para falar mal, os anos do Frente Popular). Substituíu os escenarios dun Madrid cutre polos máis sofisticados dunha cidade sen identificar: o Bar Trece, unha mísera taberna, convértese no elegante club El Papagayo Rojo; o personaxe de El Cascudo, ruín xefe de asasinios, con signos de lupus na cara, ten o seu paralelo nun Embaixador con pinta de galán latino. En xeral, as modifica-

cións van no sentido de que INTRIGA ofrezca o aspecto do cine policíaco americano da época, das películas que tan acedamente comentaba Román en *Radiocinema*.

Desde esa semellanza, Antonio Román vai sementando pistas falsas, aparencias e decorados que revelan de inmediato ser ficción. Planifica e ilumina as secuencias para nos remitir ó cine serio en que se inspira. Espreme ó máximo o que en Fernández Flórez só se menciona, que Roberto sexa de profesión actor, de maneira que o paso dunha ficción a outra se repita unha e outra vez. E por último, cando xa as cousas están claras, cando asistimos á imposible denuncia do actor ó seu director, a Román

seu director, a Román

e Mihura ocórreselles regalarnos un final feliz. Feliz porque Roberto e Elena deciden casar e ir vivir ó campo. Feliz porque o cineasta se despide dos espectadores cunha derradeira volta de torca, cunha capa máis do papel regalo con que envolveron un paquete de aspecto atractivo pero que non contén nada no seu interior. E xa se sabe que hai xente que non admite ese tipo de bromas. ☺

O fracaso na súa aposta debeuse máis ós elementos que definían co seu talento para levalos á práctica